

O PSOE insta á Xunta a rematar coa discriminación que padecen os veciños de Carballedo, debido a que o Alcalde incumpriu reiteradamente o compromiso de facer unha residencia de maiores

Vicente Docasar, logo de comprobar as necesidades que ten o municipio neste senso, xa que conta cunha poboación profundamente avellentada, anuncia que levarán este asunto, novamente, ao Parlamento

Denuncia que os incumprimentos do PP e do seu Alcalde provocan que, todas os residentes neste municipio que necesitan utilizar unha residencia, se atopen espallados por diferentes localidades da Zona Sur e mesmo por outras provincias galegas, coas lóxicas dificultades de desarraigo que todo isto implica para eles e para as súas familias

Non entende a que se debe esta falla de vontade política, cando, ademais de tratarse dun compromiso electoral, a entidade local conta dende hai tempo cos terreos e permisos necesarios para a súa execución. O proxecto de construción xa está elaborado e o Goberno galego comunicou oficialmente, por escrito, ao Concello que nada impide o inicio das obras

CARBALLEDO, 13 DE FEBREIRO.- O deputado autonómico Vicente Docasar, acompañado da voceira do grupo municipal socialista en Carballedo, Isabel González Blanco, e do secretario de Organización, Carlos Ferreiro, desprazáronse este xoves a dito municipio, onde comprobaron a necesidade de que os cidadáns deste Concello conten cunha residencia da terceira idade, pois a maior parte da súa poboación supera amplamente os 65 anos.

Esta circunstancia provoca que, dotar aos veciños dunhas instalacións nas que se preste atención a este sector da sociedade, se convirta nunha “cuestión urxente e prioritaria”. Por este motivo, Docasar anunciou que, o Grupo Parlamentario Socialista, vén de rexistrar varias iniciativas na Cámara galega, co obxectivo de que o Partido Popular concrete as previsións que manexa a Xunta de Galicia con respecto a construción e posta en marcha desta infraestrutura que, malia ser prometida en reiteradas ocasións polo Alcalde desta localidade, “lamentablemente hoxe aínda non é unha realidade”. Neste senso, engadiu, “para o Partido Popular os veciños e veciñas da Galicia interior só son importantes en campaña electoral. Pasados os comicios, abandono e ninguneo total ata o seguinte proceso de eleccións”.

Os usuarios, espallados pola Zona Sur e por outras provincias

Este pequeno Concello da Galicia interior non dispón de ningunha residencia para atender á xente maior e, como consecuencia diso, todas as persoas que necesitan utilizar unha residencia atópanse espalladas por diferentes localidades da Zona Sur e mesmo por outras provincias galegas, coas lóxicas dificultades de desarraigo que todo isto implica para eles e para as súas familias. Esta situación vese agravada aínda máis, se cabe, se se ten en conta que unha boa parte destes potenciais usuarios viven sós e contan con poucos recursos económicos.

Dende o ano 2010, “e xa case como norma cada vez que se achega algún tipo de proceso electoral”, subliñan os socialistas, o Alcalde de Carballedo –Julio Yebra-Pimentel Blanco–, venlles anunciando ós cidadáns que este Concello contará en breve cunha residencia para maiores, de tal xeito que esta tamén servirá como centro de día para aquelas persoas que viven

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

soas. Este compromiso incumplido por parte do Partido Popular non só foi recollido por múltiples informacións periodísticas senón que tamén figura en diversas actas da entidade local.

“O único que queremos saber é se Concello e Xunta deciden asumir a súa responsabilidade ou, pola contra, prefiren seguir xogando coa boa fe dos veciños e veciñas de Carballedo, prometéndolles unha obra que nunca se fai”, destaca Vicente Docasar.

Cos terreos a disposición e con permisos

A entidade local conta dende hai tempo cos terreos necesarios para levar adiante esta actuación, xa que existe no colexio público da Barrela unha parte sen utilizar, e que serviría perfectamente para albergar a residencia. Asimesmo, o Rexedor anunciou reiteradamente que esta obra tamén conta con todos os permisos e “bendicións necesarias” para iniciarse, “polo que non entendemos a que se debe esta falla de vontade política”, indica o deputado monfortino, quen recoñece ter constancia de que o proxecto de construción, valorado en 22.000 euros, xa está elaborado e que o Goberno galego comunicou oficialmente, por escrito, ó Concello que nada impide o inicio das obras.

Por todo elo, e vendo que non existe ningún condicionante que xustifique este incumprimento, en 2013, o Grupo Parlamentario Socialista interesouse en diversas ocasións por esta importante infraestrutura, pero as respostas dadas polo Partido Popular “nin foron claras nin foron convincentes”; de aí, afirma Docasar, “que volvamos levar de novo este asunto ao Parlamento Galego”.